

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 1 DE ABRIL DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero  
Dona Begoña Vázquez López  
Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a un de abril de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as doce horas deuse inicio á mesma,

pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### **1.- ACTA ANTERIOR**

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 30 de marzo de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### **2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A ELABORACIÓN E IMPLANTACIÓN DE PLANS DE PROTECCIÓN CIVIL PARA O RISCO DE INCENDIOS FORESTAIS**

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 9 de febreiro de 2026 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos, para a elaboración e implantación de plans de protección civil para o risco de

incendios forestais de ámbito municipal, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 38, do 26/02/26). O Sr. alcalde informa da conveniencia para o interese público de optar a dita subvención ao obxecto de dar cumprimento ao esixido polo Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (Peifoga), que establece que aqueles municipios con todo ou parte do seu territorio en zonas de alto risco (ZAR), así como aqueles con índice de risco potencial alto ou moi alto, deberán redactar o plan de actuación municipal. O Concello de Rodeiro está clasificado como ZAR.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha subvención por importe de NOVE MIL SETENTA E CINCO EUROS (9.075,00 €), IVE incluído, equivalente ao 75 % do custe de elaboración do plan de protección civil para o risco de incendios forestais de ámbito municipal (PAMIF), presupostado na cantidade de DOCE MIL CEN EUROS (12.100,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Cuarto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

### ***3.- CONTRATACIÓN DE TRES (3) TRABALLADORES/AS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026 (LIÑA 3)***

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada

o día 4 de marzo do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación de tres (3) postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2026.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados, correspondente ao perfil profesional de peón/a de obras públicas (RS núm. 68, do 05/03/26). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Peón/a de obras públicas (oferta núm. [REDACTED])

- Arias Fernández, Daniel
- Busoic, Costel
- Carral Viana, Jesús
- Dafonte Reboredo, José
- De la Vega Sanz, Christian
- Fernández Fernández, José
- Ferreira dos Santos, María Manuela
- Hermida Sánchez, José
- López Janeiro, Carlos
- Míguez Salina, José David
- Morillo Queva, Josmaira Adreína
- Sadoviak Diéguez, Carlos Gabriel
- Sobrado Sánchez, María Jesús
- Vázquez Vázquez, Alberto
- Zeroual, Mostefa

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

- Sadoviak Diéguez, Carlos Gabriel (RE núm. 278, do 17/03/26)
- Fernández Fernández, José (RE núm. 282, do 18/03/26)
- Busuioic, Costel (RE núm. 283, do 18/03/26)

- Ferreira dos Santos, María Manuela (RE núm. 287, do 20/03/26)
- Vázquez Vázquez, Alberto (RE núm. 288, do 20/03/26)
- Carral Viana, Jesús (RE núm. 290, do 20/03/26)
- Hermida Sánchez, José (RE núm. 291, do 20/03/26)
- Dafonte Reboredo, José (RE núm. 299, do 20/03/26)
- Arias Fernández, Daniel (RE núm. 306, do 23/03/26)
- Sobrado Sánchez, María Jesús (RE núm. 307, do 23/03/26)
- Míguez Salina, José David (RE núm. 309, do 23/03/26)
- De la Vega Sanz, Christian (RE núm. 311, do 23/03/26)

Por Resolución da Alcaldía de data 24/03/26 todos/as os/as presentados foron admitidos/as ao proceso selectivo.

O proceso selectivo desenvolveuse entre os días 25 de marzo e 1 de abril do corrente, ambos inclusive, co seguinte resultado final:

CANDIDATO/A	PROBA PRÁCTICA	FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, JOSÉ	Non presentado	1,50	1,50
FERREIRA DOS SANTOS, M <sup>a</sup> MANUELA	10,66	0,80	11,46
HERMIDA SÁNCHEZ, JOSÉ	11,66	0,60	12,26
MÍGUEZ SALINA, JOSÉ DAVID	9,00	0,10	9,10
SADOVIK DIÉGUEZ, CARLOS GABRIEL	10,00	1,20	11,20
SOBRADO SÁNCHEZ, MARÍA JESÚS	6,33	1,50	7,83
VÁZQUEZ VÁZQUEZ, ALBERTO	Non presentado	0,00	0,00
ARIAS FERNÁNDEZ, DANIEL	5,66	3,90	9,56
BUSOIOC, COSTEL	6,66	0,60	7,26
CARRAL VIANA, JESÚS	6,33	1,70	8,03
DAFONTE REBOREDO, JOSÉ	7,66	1,80	9,46
DE LA VEGA SANZ, CHRISTIAN	Non presentado	0,50	0,50

O Tribunal cualificador efectúa proposta de contratación a favor dos/as seguintes tres candidatos/as que obtiveron a maior puntuación no proceso selectivo: José Hermida Sánchez, Carlos Gabriel Sadovik Diéguez e María Manuela Ferreira dos Santos.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal cualificador e debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial (25 horas/semana), por un período de oito (8) meses e vinte e seis (26) días, dos/as traballadores/as que deseguido se sinalan:

Peón/a de obras públicas

NOME E APELIDOS	DNI/NIE
JOSÉ HERMIDA SÁNCHEZ	████████
CARLOS GABRIEL SADOVIK DIÉGUEZ	████████
MARÍA MANUELA FERREIRA DOS SANTOS	████████

RESERVAS:

DANIEL ARIAS FERNÁNDEZ  
JOSÉ DAFONTE REBOREDO  
JOSÉ DAVID MÍGUEZ SALINA  
JESÚS CARRAL VIANA  
MARÍA JESÚS SOBRADO SÁNCHEZ  
COSTEL BUSUIOC  
JOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ  
CHRISTIAN DE LA VEGA SANZ  
ALBERTO VÁZQUEZ VÁZQUEZ

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

#### 4.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 573,58 € E 65,55 €

Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 26A/468 e 26A/467 (FACe).

- SERTECO-OR S.L. 153,92 €  
Por subministro de tinta para impresoras, s/factura núm. 26A/422 (FACe).
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 38,50 €  
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 362526FC0000683.
- GEMAGAR GALICIA S.L. 2.800,00 €  
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2026*” no mes de marzo de 2026, s/factura núm. 0026/0000013 (FACe).
- TRANSPORTES ELOY JORGE S.L. 205,70 €  
Por transporte de grava para obras municipais, s/factura núm. T-015.
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 5.082,00 €  
Por transporte de zorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 8/2026.
- CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L. 5.656,75 €  
Por traballos de limpeza de beiraestradas e acondicionamento de camiños municipais, s/factura núm. 2026/2 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas vinte minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)